

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

559

1350, agosto, 6. Lugo

O deán e o Cabido de Lugo afóranlles ao notario Afonso Eanes e á súa muller e a unha voz unha casa na rúa de Bermudo Sánchez por renda anual de 10 marabedís.

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 70r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo juntados en cabidoo por campaa taniuda, segundo que avemos de custume, damos et outorgamos a vos Afonso Eanes, notario de Lugo, et a Moor Peres, vossa muller, por en vossos días d'ambos, et a huna pesoa qual o pustremeyro de vos nomear en vida ou en morte, aforo et avervo huna nossa cassa dos aniversarios que esta na rua de Vermun Sanches, entre outra nosa cassa dos aniversarios, en que ora mora Rodrigo Eanes, freeyro, et da outra parte a cassa do bispo, que ora ten aforada Affoso Eanes, alfayate; a qual cassa a dita Moor Peres tinna de nos en prestamo, a a tal condiçon que a refaçades das paredes et da madeyra et de tavoados et d'aquelo que lle perteesçe et le feses mester. Et vos, o dito Affonso Eanes, et a dita vosa muller avedesnos a dar, cada anno, en vosa vida por foro para os aniversarios, dez moravedis desta moneda, a VIII^o soldos o moravedi, por dia de Natal, et a pesoa que vos ou cada hun de vos para esto nomeardes, que a tena depoyos de vosa morte en sua vida, et anos de dar para os ditos aniversarios, dose moravedis et meo da dita moneda, cada anno a o dito praso, ou a vallia delles. Et a morte da dita pesoa que vos ou Moor Peres nomeardes, commo dito he, ha de leyxar a dita cassa con huna camera de tenda a a rua, segundo que ora esta, et con todas las outras camaras et reparamentos que y foren feytos a os aniversarios da nossa iglesia.

Et eu, o dito Affonso Eanes por min et por la dita minna muller et por aquela pesoa que eu ou ella nomear commo dito he, asi reçoço este vervo et foro de vos, dayam et cabidoo sobreditos, desta dita casa, segunt que sobredito he, et obligo min et meus bees d'estar a ello et o comprir en commo dito he. Et outrosy nos estas partes sobreditas obligamos de comprir et guardar estas cousas sobreditas huuns a outros et de non contra esto, et a parte de nos que contra esto for que peyte a outra parte çen moravedis da moneda usavel, et a carta et foro et vervo fique firme et valiosa en todo. Et por que esto seia çerto nos estas partes sobreditas rogamos a Fernando Peres, notario de Lugo, que fesese ende faser duas cartas en hun tenor, et as signase de seu sinal, et demays nos, dayan et cabidoo sobreditos, mandamos seellar de nosso seelo a carta de vos o dito Afonso Eanes.

Feyto foy esto en Lugo, seys días d'agosto, era de mill et CCC LXXX VIII^o annos.

Testemoyas: don Diego Fernandes, dayan; don Fernando de Deus, chantres; don Afonso Gomes, arçidiago de Deça; don Ruy Fernandes, arçidiago de Neyra; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Ares, mestrescolla; don Vaasco Dias, iuys; Iohan Fernandes, Iohan Dias, Tomas Gomes, coengos de Lugo, ts.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario del rey en Lugo, que a esto que sobredito he presente fuy con as ditas testemoyas et por rogo das partes fis escribir et puge y meu nome et meu signal.